



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/C005/000006

Ref.: IVCR

INFORME DO ÓRGANO DE ASISTENCIA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NA APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DO EVENTO “FEIRA DO QUEIXO E DO MEL -GOENTE 2019”. LOTE 1 (INFRAESTRUTURA PARA ACTIVIDADES DA FEIRA)

En data 07/10/2019 procedeuse á apertura das ofertas económicas no procedemento mencionado, segundo as previsións contidas no prego de cláusulas administrativas que rexen na licitación.

Unha vez abertas as ofertas no Lote 1, propúxose requirir ao licitador José Bouza e Hijos, SL, para que achegue no prazo de tres días hábiles, o modelo de oferta previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, asinada dixitalmente, con indicación do prezo ofertado, aclarando a cantidade sen IVE e a correspondente ao IVE incluído. O requirimento remitiuse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público na mesma data. O mesmo día o licitador presenta a través da sede electrónica do concello (RE 1822) a emenda requirida.

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, proponse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador José Bouza e Hijos, SL, cunha oferta de 7190,08 euros (sen IVE) e unha puntuación da valoración económica de 89,26 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º da LCSP, comprobouse que o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE e no rexistro autonómico equivalente. Dado que se atopa inscrito neses rexistros, queda acreditado que a entidade goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. Xustificouse noutros expedientes tramitados recentemente a solvencia económica e técnica que establece o prego. O concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social así coma co concello.

De conformidade co previsto no artigo 159.4.4º da LCSP, e de acordo co declarado pola empresa, proponse requirir a este licitador para que achegue, no prazo de 7 días hábiles a contar dende a recepción da notificación do dito requirimento, o compromiso por escrito con outras entidades ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP, relativo á dispoñibilidade dos recursos necesarios durante toda a execución do contrato. A documentación presentarase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

As Pontes de García Rodríguez, 08 de outubro de 2019

A administrativa do Departamento de Contratación

A secretaria municipal